



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

## BASES REGULADORAS DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

### 1.- Obxecto.

O Concello, co fin de contar cunha relación de persoas interesadas na súa posible contratación temporal por esta Entidade, dótase dunha Bolsa de emprego temporal para futuras contratacións de persoal laboral con carácter non permanente, en función de necesidades puntuais por acumulación de tarefas, vacantes, baixas, vacacións, etc., que non poidan ser atendidas polo persoal ao servizo desta Administración, sempre que o permitan as disponibilidades orzamentarias, con arranxo ás seguintes Bases, con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade consagrados na lexislación reguladora da selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### 2.-Da Bolsa de emprego temporal.

1.-Denomínase “BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE” á relación ordenada de persoas que solicitaron voluntariamente a súa inclusión na mesma con destino a:

- Cubrir as baixas producidas por incapacidade temporal, vacacións ou calquera outra circunstancias que supoña a vacante temporal con reserva de posto de traballo naquelas prazas incluídas na Relación de Postos de Traballo do Concello.
- Cubrir en cada exercicio as prazas temporais, cuxa contratación poida efectuarse ao amparo do artigo 15.1 do Estatuto dos traballadores, e correspondentes a aqueles postos de traballo que non forman parte da estrutura permanente da plantilla municipal.

2.-A inclusión na Bolsa de emprego temporal non configura obriga á realización de contratación algunha por parte do Concello de Castrovverde, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poden ser chamadas para cubrir as prazas recollidas no apartado 1 deste artigo.

3.-Fóra da Bolsa de emprego temporal, o Concello de Castrovverde non poderá cubrir praza algunha por persoa non incluída na Bolsa, agás persoal que se contrate dentro das convocatorias específicas que se efectúen en razón de convenios subscritos polo Concello con outras entidades públicas, ou por concesión de subvencións, tales como Programas de Cooperación, Obradoiro de Emprego, etc. Non obstante, neste caso, non suposto de máis dun candidato por posto de traballo ofertado será de aplicación o baremo establecido no punto 8.

### 3.- Convocatoria para a inclusión na Bolsa de emprego temporal e a súa vixencia.

1.-A convocatoria municipal para a inclusión na Bolsa de emprego temporal do Concello de Castrovverde, farase mediante Resolución da Alcaldía, na que constará expresamente as prazas que se convocan e características e requisitos específicos das mesmas, respectando en todo caso, o regulado nestas Bases.

2.- A Bolsa de emprego temporal que se forme como resultado da convocatoria, terá unha vixencia dun ano desde a súa aprobación, prorrogándose automaticamente por períodos iguais ata que se realice unha nova convocatoria.

3. A Bolsa ten carácter aberto e dinámico polo que, unha vez elaborada a mesma, con carácter anual e mentres se prorrogue a súa vixencia, quen desexe ser incluído na mesma, presentará durante o mes de xaneiro de cada ano toda a documentación que se establece nas presentes bases. O Tribunal de valoración de méritos procederá a baremar tales solicitudes e elevará á Alcaldía proposta para a inclusión dos novos solicitantes na orde en que resulte. A documentación que xa foi presentada no período anterior de baremación e que, por tanto, xa consta neste Concello non debe acreditarse de novo. Só deberán achegar nova documentación. Por tanto, aqueles aspirantes que xa achegaron a documentación só deberán acreditar os méritos novos ou aquela documentación que non achegaron no prazo anterior.

#### **4.- Publicidade da convocatoria.-**

A convocatoria correspondente á Bolsa de emprego temporal anunciarase no taboleiro de edictos do Concello, e lugares de costume sen que sexa precisa a súa publicación no B.O. ou diarios da provincia.

#### **5.- Presentación de solicitudes de inclusión:**

1.-As solicitudes de inclusión na Bolsa de emprego temporal irán dirixidas ao Alcalde-Presidente, mediante modelo normalizado a disposición das/os usuarias/os, e presentarse no rexistro do concello, ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, debendo acompañarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Tarxeta de demandante de emprego.
- Xustificación de méritos obxecto de valoración para a súa baremación e fixación da orde de chamamento .
- Indicación das prazas da Bolsa de emprego temporal para as que se solicita inclusión, debendo presentarse, de selo caso, unha instancia para cada unha das categorías ou grupos para as que se solicita a inclusión sen prexuízo de que a xustificación de méritos abonde unha para as prazas solicitadas.
- Declaración responsable de cumprir todos os requisitos exposto no punto 7.

2.- O prazo de presentación será de 20 días naturais contado a partir da publicación da convocatoria, sen que se admitan, fóra do devandito prazo, solicitudes de inclusión na Bolsa Municipal.

3.- As presentes Bases non constitúen convocatoria, non debendo presentar as solicitudes hasta a convocatoria, conforme ao disposto no parágrafo anterior.

#### **6. Composición do Tribunal.**

6.1.- De acordo co establecido no artigo 60 da lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal estará composto por empregados públicos, non



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

podendo formar parte do mesmo as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

6.2.- Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres.

6.3.- En cada proceso selectivo, o tribunal debe estar composto por cinco membros con titulación igual ou superior á esixida na convocatoria, debendo absterse os membros nomeados no caso que concorran as causas previstas no artigo 28 da lei 30/1992, podendo os aspirantes recusar os membros do mesmo cando se dea algún caso previsto da citada lei.

6.4.- O nomeamento dos membros titulares e suplentes, realizarase por Decreto do Sr. Alcalde- Presidente, e actuará como secretaria/o a/o do Concello ou persoa en quen delegue, con voz e sen voto.

6.5.- O tribunal deberá solicitar a presenza dun técnico, con voz e sen voto, para aclarar as posibles dúbidas que poidan xurdir, se entre os seus membros non houberse ninguén con coñecementos suficientes relacionados co posto de traballo.

6.6.- O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento dos procesos selectivos, así como en todo o non previsto nas bases e para a interpretación das mesmas.

6.7.- O Concello de Castroverde resérvase a posibilidade en determinados casos e de forma excepcional da modificación do sistema de admisión e selección dos candidatos así como do establecemento dunhas bases específicas para determinados postos de traballo.

6.8.- Igualmente ao Tribunal poderá asistir persoal técnico doutros organismos públicos, co obxecto de colaborar na selección e baremación do persoal a incluír na Bolsa de emprego temporal.

6.9.- Ao Tribunal seralle de aplicación o disposto para os órganos colexiados na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.10.- Os membros do Tribunal, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, os membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe, conforme determina o RD 462/2002, de 24 de maio, podendo efectuar o citado desprazamento en vehículo propio.

## 7.- Requisitos das/os aspirantes

Con carácter xeral e sen prexuízo das características que esixan as distintas modalidades contractuais, para ser admitidos nas correspondentes convocatorias de bolsas de traballo será necesario que as aspirantes reúnen os seguintes requisitos, referidos ao día en que finalice o prazo de presentación de instancias:

1. Ter nacionalidade española ou dos Estados membros da Unión Europea.

2.- Os cónxuxes dos españois e dos nacionais dos estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e aos do seu cónxuxe, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

3.- As/os estranxeiras/os dun estado non integrado na Unión Europea que teñan residencia legal en España.

3. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4. Estar posesión do título esixible, ou en condicións de obtelo, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.

5. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións, que se acreditará mediante informe ou certificado médico.

6. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, non acharse inhabilitado nin suspenso, para o exercicio de funcións públicas.

#### 8.- Criterios de valoración:

A valoración das solicitudes presentadas para a inclusión na Bolsa de emprego temporal efectuarase con base aos seguintes criterios:

8.1.-Experiencia laboral:..... 8 Ptos.

a) Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Castroverde, en igual ou análogo posto de traballo ao convocado: 0,15 puntos/mes.

b) Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Castroverde, en distinto posto de traballo ao convocado: 0,10 puntos/mes.

b) Por cada mes completo de servizos prestados noutras administracións públicas en igual ou análogo posto de traballo ao convocado: 0,05 puntos/mes.

c) Por cada mes completo de servizos prestados na empresa privada en igual ou análogo posto de traballo ao convocado: 0,02 puntos/mes.

Non se computará o período de traballo inferior a un mes.

Acreditarase mediante certificado de servizos prestados, emitido pola empresa ou organismo oficial, e acompañado da vida laboral, ou calquera outra documentación que, a xuízo do Tribunal, acredite a prestación dos servizos.

8.2.-Cursos Oficiais relacionados coas prazas obxecto de convocatoria.... 2 Puntos.

Valorarase neste apartado ter efectuado cursos relacionados coas funcións encomendadas ás prazas obxecto de selección, impartidos pola administración pública ou entidades delas dependentes ou homologados, de acordo co seguinte baremo relacionado coa duración do curso:

De 20 a 40 horas.....0,3 puntos.

Do 41 a 80.....0,5 Puntos.

De 81 a 120.....1 puntos

Mas de 120.....1,5 Puntos.



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

Non se computará a asistencia a cursos de menos de 20 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, congresos, etc.

Acreditarase este apartado mediante certificación expedida pola entidade pública ou empresa organizadora no que se detalle o obxecto do curso e o número de horas que comprendía o mesmo.

## 8.3.-Situación de desemprego e residencia.....2 Ptos.

Co obxecto de paliar as situacións estruturais de paro rexistradas neste municipio valorarase o ser desempregado e inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego, á data da convocatoria.

- Ata seis meses de desempregado 0,5 puntos.
- De seis meses a un ano de desempregado. 1 puntos
- Máis dun ano de desempregado: 1,5 puntos.

Ser residente no Concello de Castrovverde cunha antigüidade igual ou superior a seis meses á data da convocatoria..... 0,5 puntos.

8.4.- Coñecemento de galego: acreditarase mediante certificación de curso oficial ou homologado, computándose unicamente o grao superior:

- a) Celga 1: 0,15 puntos.
- b) Celga 2: 0,25 puntos
- c) Celga 3, ou grao de iniciación: 0,50 puntos
- d) Celga 4 ou grao de perfeccionamento: 0,75 puntos.

## 8.5.-Situacións de discriminación positiva.....2 Puntos.

Con base a facilitar o acceso a postos de traballo de persoal afectado por diversas situacións estruturais, valorarase esta situación concedendo a seguinte puntuación:

Discapacitado con minusvalía igual ou superior ao 33%: 1 punto; muller :1 punto; parado maior de 45 anos: 1 punto; mulleres vítimas de violencia: 1 punto. Deberá acreditarse pola persoa interesada a súa condición de integrante do colectivo discriminado positivamente.

## 8.6.-Empate

No caso de empate na puntuación, aplicarase a seguinte valoración pola seguinte orde:

- Tempo de desemprego
- Tempo traballado no concello de Castrovverde.
- Tempo de empadramento no concello de Castrovverde.

No caso de continuar o empate, este resolverase mediante sorteo.

## 9.-Documentos de xustificación.-

A xustificación dos requisitos e dos méritos efectuarase en base exclusivamente ao sinalado nas presentes bases, se ben o Tribunal poderá apreciar a existencia de circunstancias excepcionais que permitan a valoración doutro tipo de documentos, onde quede garantido a veracidade do xustificante e do contido.

#### **10.-Valoración.**

O Tribunal, unha vez pechado o prazo de admisión de instancias, procederá no prazo de quince días á baremación das solicitudes presentadas; a devandita valoración terá o carácter de provisional.

#### **11.-Exposición pública da lista de valoración provisional.**

O Tribunal exporá no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, unha lista provisional coas puntuacións obtidas, abríndose un prazo de reclamacións de dous días hábiles.

Transcorrido este prazo, procederá a estudar as reclamacións realizadas por escrito, resolvéndose nun prazo máximo de catro días. No caso no que non existan reclamacións as listas provisionais consideraranse definitivas.

#### **12.-Aprobación da Bolsa de emprego temporal.-**

1.-De conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal, a Alcaldía aprobará, no prazo de cinco días, a Bolsa de emprego temporal comprensiva das persoas incluídas na mesma con detalle das prazas solicitadas, da puntuación obtida e da orde de chamamento se é o caso, a cal será exposta ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, sen que se efectúe notificación persoal a ningún dos interesados.

2.- A Alcaldía só poderá denegar a aprobación da proposta do Tribunal por motivos de legalidade, a xustificar na resolución oportuna.

#### **13.- Recursos contra a aprobación da Bolsa de emprego temporal.**

Contra a Resolución que aprobe a Bolsa de Emprego, poderase interpoñer potestativamente, recurso de reposición, diante do Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación no taboleiro de anuncios, ou ben, recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación.

#### **14.-Procedemento para a cobertura de prazas.-**

Para a cobertura das prazas que se produzan seguirase o seguinte procedemento:

1.-O chamamento para as prazas a cubrir efectuarase por rigoroso orde de puntuación dentro das categorías recollidas na pertinente convocatoria.

Cando nun mesmo acto se soliciten cubrir varias prazas dentro dunha mesma categoría da Bolsa de emprego temporal, a asignación do posto concreto a ocupar será opción dos propios seleccionados por orde de puntuación da que se dispón na bolsa de maior a menor. A estes efectos informaráselles da previsión de duración de cada contrato sen que iso supoña garantía sobre a mesma, así como de calquera outra circunstancia que sexa relevante, sendo que o cesamento no posto se producirá en razón da adscrición efectuada sen ter en conta outras circunstancias.

2.- Caso de que a contratación derivada do primeiro chamamento non supere o prazo de seis meses, considerarase que o traballador mantén a súa puntuación e posición na Bolsa de emprego temporal para os efectos de ser incluídos en novos chamamentos.

3.-Cando tralo primeiro ou sucesivos chamamentos o tempo de traballo total prestado ao Concello supere o prazo de seis meses o traballador pasará a integrarse no último posto da



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

Bolsa de emprego temporal da súa sección, ordenándose por orde de puntuación nos devanditos postos en caso de que pasen a tal situación varios peticionarios dentro do mesmo mes.

4.-En todo caso as contratacións considérase indivisibles polo que o concello non poderá declarar extinguido un contrato por ningún outro motivo que non sexa o de remate do mesmo polas causas establecidas no contrato.

5.-O chamamento para a contratación efectuarase a través dos servizos municipais, notificándose a través do teléfono sinalado pola/o interesada/o que permita a máis rápida posta en coñecemento da proposta e a súa aceptación. Se non se atopara a/o interesada/o no momento do chamamento, reiterarase a chamada nunha nova ocasión ao día seguinte e en horario diferente. De non atoparse novamente á interesada/o, procederase ao chamamento do seguinte na Bolsa de emprego temporal, deixando constancia desta circunstancia no expediente.

6.- Caso de que o titular proposto renuncie á designación, ou non compareza á sinatura do contrato, salvo causa debidamente xustificada, perderá os seus dereitos causando baixa na Bolsa de Emprego e designándose ao seguinte en puntuación.

7.- En caso de extraordinaria urxencia que non permita seguir o procedemento sinalado a Alcaldía adoptará a decisión oportuna no que fai á cobertura da praza, debendo ser debidamente xustificado.

Castrovverde, 20 de setembro de 2011

O Alcalde,

Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández

Aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión de 29 de setembro de 2011 .

A Secretaría Interventora

Ana Sampedro Millares